

valadares

PROXECTO EDUCATIVO



Aprobado no consello Escolar do 1de febreiro de 2022

Índice

1. Introducción
2. Sinais de identidade do centro
3. Historia do centro
4. Contextualización do centro
 - 4.1. Disposicións legais
 - 4.2. Situación xeográfica e zona de influencia
 - 4.3. Situación socioeconómica e cultural
 - 4.4. O alumnado do centro
5. Obxectivos xerais do centro: prioridades de actuación
6. O centro educativo
 - 6.1. Estrutura física do centro
 - 6.2. Oferta educativa
 - 6.2.1. Educación Secundaria Obrigatoria
 - 6.3. Organización de espazos e instalacións
 - 6.4. Actividades complementarias e extraescolares
 - 6.5. Servizos complementarios: transporte escolar
7. Organización e xestión do centro
 - 7.1. Órganos de goberno
 - 7.1.1. Órganos unipersoais
 - 7.1.2. Órganos colexiados
 - 7.1.3. Comisións mixtas no seo do Consello Escolar
 - 7.2. Organización do profesorado

- 7.2.1. Departamentos didácticos
- 7.2.2. Departamento de orientación
- 7.2.3. Departamento de actividades complementarias e extraescolares
- 7.2.4. Comisión de coordinación pedagóxica
- 7.2.5. Equipo da biblioteca do centro
- 7.2.6. Equipo de Dinamización da Lingua Galega
- 7.3. Organización do alumnado
 - 7.3.1. Delegados/as de grupo
 - 7.3.2. Xunta de Delegados
 - 7.3.3. Representante da Xunta de Delegados
- 7.4. Organización do persoal non docente
- 7.5. Reparto de responsabilidades non definidas na normativa
- 8. Relación do centro con outras institucións
- 9. Concreción do currículo
 - 9.1. Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto do centro educativo
 - 9.1.1. Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.
 - 9.1.2. Bacharelato.
 - 9.2. Prioridades de actuación
 - 9.2.1. Eso.
 - 9.2.2. Bacharelato.
 - 9.3. Prioridades de actuación das dinamizacións
 - 9.3.1. Dinamización de biblioteca
 - 9.3.2. Dinamización das novas tecnoloxías da información e a comunicación
 - 9.3.3. Dinamización de convivencia escolar
 - 9.3.4. Dinamización da normalización lingüística
 - 9.3.5. Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias básicas

- 9.4. Incorporación da educación en valores.
- 9.5. Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas
 - 9.5.1. Instrucións para elaborar as programacións didácticas
 - 9.5.2. Elementos das programacións didácticas
- 9.6. Atención educativa ao alumnado que non opte polas ensinanzas de relixión
- 9.7. Criterios sobre promoción e titulación do alumnado
 - 9.7.1. ESO. Promoción e Titulación.
 - 9.7.2. Bacharelato. Promoción e Titulación.
- 9.8. Liñas xerais de atención á diversidade
 - 9.8.1. Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento
 - 9.8.2. Programas de reforzo para os alumnos exentos da segunda lingua estranxeira.
 - 9.8.3. Programas específicos personalizados. Alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
 - 9.8.4. Contratos-Programa: CPIInnova, CPIInclúe, Recupéra-T: ARCO e PROA+
 - 9.8.5. Seccións bilingües en lingua inglesa.
- 10. Acción titorial
 - 10.1. O/A profesor/a titor/a
 - 10.2. O Plan de Acción Titorial
 - 10.3. Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción titorial
 - 10.4. Compromisos educativos do centro coas familias
- 11. Avaliación do Proxecto Educativo e temporalización

ANEXOS:

-ANEXO I: PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaladares/node/836>

--ANEXO II: PLAN DE CONVIVENCIA

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaladares/system/files/PLAN%20DE%20%20%20%20%20%20CONVIVENCIA.pdf>

-ANEXO III: PROXECTO LINGÜÍSTICO E TRATAMIENTO INTEGRADO DE LINGUAS.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaladares/node/837>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaladares/node/1158>

-ANEXO IV: PROXECTO LECTOR

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaladares/node/815>

-ANEXO V: PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaladares/node/830>

-ANEXO VI: PROXECTOS DE SECCIÓNS BILINGÜES (en revisión)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaladares/node/857>

-ANEXO VII: PLAN DE IGUADE.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaladares/node/948>

1. Introducción

O presente Proxecto Educativo pretende ser un documento que recolla as liñas principais de actuación do IES Valadares e os obxectivos que se pretenden acadar coa práctica educativa.

Os cambios lexislativos, sociais e tecnolóxicos crean a necesidade de actualizar o noso Proxecto Educativo de Centro, e adaptalo aos novos medios e métodos, máis axeitados ás circunstancias: aumento de alumnado e profesorado, aumento de oferta educativa (bacharelato), novos espazos, necesidades específicas de apoio educativo, novas metodoloxías, docencia virtual, novos programas da Consellería, novas leis, o DUA...

Por outra banda, fundamental o coñecemento do noso alumnado e das súas familias para aproveitar ao máximo os recursos que nos ofrece a Administración, e así definir as nosas sinais de identidade como centro educativo.

O noso desexo é conformar nunha comunidade educativa baseada no traballo dentro dos valores do respecto, da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, pero atendendo ao recoñecemento das particularidades. A nosa participación debe ser eficiente e rigurosa, dentro dun modelo de actuación que favorece unha formación integral do noso alumnado, pero traballando en consonancia, con sinais de identidade comúns, acadados con procedementos democráticos, baseados nunha información eficaz e o estímulo da participación de todos os sectores da comunidade, por medio dos seus órganos representativos.

Este documento, por tanto, é o resultado dun traballo conxunto, para garantir o bo funcionamento dun proxecto vivo, que se vai facendo día a día, adaptándose aos cambios e respondendo a novas necesidades.

2. Sinais de identidade do centro

O IES Valadares ten como finalidade fundamental formar e transmitir ao alumnado elementos básicos da nosa cultura e preparalos para acceder ao Bacharelato, á Formación Profesional ou acadar a inserción social e laboral.

O labor educativo do IES Valadares baséase no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión, colaboración e na solidariedade, rexeitando calquera tipo de discriminación. Neste senso o Centro pretende constituírse nun espazo de convivencia e formación da xuventude do seu entorno, nun ambiente plural que

promova a participación, a tolerancia, a solidariedade e o desenvolvemento intelectual nunha perspectiva crítica e racional da cultura, a sociedade e a ciencia do noso tempo. O IES Valadares maniféstase como centro educativo laico e aconfesional respectuoso coas ideas e crenzas individuais dos membros que compoñen a nosa comunidade educativa.

Asemade, se declara como entorno promotor e dinamizador da lingua galega, entendendo que tal feito implica unha maior riqueza cultural no ámbito escolar, de modo que o alumnado acade un dominio pleno, tanto oral como escrito, das dúas linguas oficiais; sen esquecer a adquisición de destrezas orais e escritas nalgunha das linguas estranxeiras que se están a engadir na oferta educativa do IES Valadares: francés, inglés e portugués.

O noso labor pretende acadar unha ensinanza baseada nos seguintes aspectos:

- Ensino en valores, no que se aprenda dentro dunha convivencia responsable, libre e solidaria, pero eficaz na resolución de problemas mediante a cooperación.
- Ensino na democracia, con participación activa por parte de todos.
- Ensino útil para a vida, na procura da felicidade nas necesidades particulares de cada un.
- Ensino no respecto, na igualdade e no consumo responsable.
- Ensino sen exclusións, partindo das dificultades e atendendo a todas ás necesidades.

Queremos ser un centro onde o DUA (Deseño Universal para a Aprendizaxe) sexa a guía para as nosas prácticas docentes: que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal e intelectual posible según as súas habilidades e capacidades. O DUA implica a accesibilidade universal á educación, marcando o camiño hacia unha inclusión efectiva. Trátase dunha visión humanista da educación, recordando que todos somos persoas diferentes e únicas, con nosos puntos fortes e febles: a diversidade é a regra, non a excepción.

3. Historia do centro

O Instituto de Educación Secundaria Valadares é un centro de ensino de titularidade pública dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Os terreos foron cedidos pola Comunidade de Montes de Valadares o que pon de manifesto o interese dos veciños das parroquias da contorna de dotarse cun centro educativo de ensino secundario e bacharelato.

O proxecto foi realizado polo Arquitecto Álvaro Romero Gil-Delgado e a súa

construción foi adxudicada á Empresa NECSO, que da inicio ás obras no mes de febreiro de 1999. Finalízase o edificio principal o 30 de setembro para o inicio do curso, e xa no outono se rematan a zona deportiva e o espazo dedicado a aparcamento de vehículos.

Comezou a súa andaina baixo a denominación de IES nº 2 de Vigo, pasando con posterioridade a adoptar a denominación oficial vixente.

Educación Secundaria Obrigatoria ten sido a única oferta educativa do IES Valadares ata o comezo do curso 2010/2011 no que se incorporou un Programa de Cualificación Profesional Inicial da modalidade C-Mixta. Coa entrada en vigor da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), no curso 2014/2015 desaparecen os Programas de Cualificación Profesional Inicial (sendo substituídos pola Formación Profesional Básica), e polo tanto deixa de estar incluído na oferta educativa do IES Valadares.

Dende o pasado curso 2020/21 contamos con Bacharelato nas modalidades de Artes e Científico-Tecnolóxico: unha reivindicación de todos os equipos docentes dende a súa inauguración. Un traballo colaborativo e organizado entre os distintos equipos directivos ao longo destes anos fixo que se acadara esta meta.

4. Contextualización do centro

• Disposicións legais

As principais normas legais vixentes de carácter estatal ou autonómico que rexen a actividade escolar son:

- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE, 30/12/20).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE, 4/05/2006).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOC, 15/07/2011). Art. 10
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias (DOG, 26/01/1999).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensanzas LOE (DOG, 21/12/2011). Sección terceira.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27/01/2015).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 29/06/15), Art. 38.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario (DOG, 25/05/2010), Art. 14.
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG, 9/08/1996), Art 89 e 90.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006.
- Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se desenvolve o D.79/2010.
- Orde do 22 do xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG, 2/09/1997), Capítulo I.
- Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG 2/09/1997), Capítulo I.
- Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG, 24/07/2007), Art. 7.3
- Orde do 12 de maio de 2011, pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG, 20/05/2011), Art. 3.5
- asdsd
- sdsd

• **Situación xeográfica e zona de influencia**

O IES Valadares atópase na entidade de poboación de Sobreira, na parroquia de Valadares do Concello de Vigo.


Sitúase na vertente oeste dos Montes de Marcosende, sobre un predio duns 16 m² de forma rectangular. Limitando ao norte cos montes de propiedade privada e comunal; sur, accesos ao centro e monte comunal; leste, Avenida Clara Campoamor; e oeste, monte comunal e estrada da Escola.

A zona de influencia do IES Valadares esténdese dunha forma ampla ás parroquias de Castrelos, Matamá, Valadares e Zamáns aínda que está fundamentalmente determinada pola procedencia do alumnado dos centros

adscritos: CEIP Josefa Alonso de Alonso (Matamá), CEIP Mestres Goldar (Castrelos), CEP Plurilingüe Igrexa-Valadares (Valadares), CEIP Plurilingüe Sobreira-Valadares (Valadares). Dende o curso 2015/16 contamos tamén co CEIP Castela de Navia.

Destes Centros de Educación Primaria non só nítrese a matrícula do Instituto, recibimos alumnado das parroquias veciñas dos concellos de Mos e Gondomar, e do casco urbano de Vigo. Cada curso é maior o número de alumnado que ven ao centro de colexios non adscritos: concertados, Carrasqueira, Seis do Nadal...

Ten, polo tanto, asignada unha zona moi extensa e dispersa, que mantén como característica común pertencer á área xeográfica das parroquias de Vigo, que constitúe a referencia básica e imprescindible da súa vida social, laboral, de lecer e cultural.



Vista aérea da zona onde se sitúa o Instituto. 2. Plano da zona. Ambas tomadas de Google Maps.

- **Situación socioeconómica e cultural**

Aínda que no momento da creación do IES Valadares, a súa zona de influencia carecía de grandes industrias, existía un grande número de pequenas empresas e talleres de tipo familiar. Sen embargo, na actualidade temos que destacar tres puntos fortes nas inmediacións do centro. En primeiro lugar, a creación Parque Tecnolóxico Loxístico, un polígono industrial de arredor de 1.000.000 m², no que se atopan fundamentalmente empresas de tipo medio relacionadas co sector do automóbil (que abastecen en maior medida á factoría que o Grupo PSA ten na cidade de Vigo), empresas de distribución de mercadorías, e doutros sectores. En segundo lugar, a proximidade ao CUVI, o Campus de Vigo da Universidade de Vigo, e por último, a apertura do Hospital Álvaro Cunqueiro. Todo isto converte a nosa contorna en protagonista dunha grande actividade.

A súa contorna se caracteriza por unha elevada densidade de poboación e, ao tempo, unha grande dispersión da mesma. As vivendas son na súa maioría unifamiliares, construídas en predios independentes e agrupadas por barrios. Existe un número considerable de chalés que aumentan na medida que aumenta o nivel económico. Non hai practicamente poboamentos marxinais. Sendo diferente a realidade no barrio de Navia: barrio urbán de bloques novos de edificios de recente creación na periferia de Vigo.

A poboación traballa fundamentalmente na industria e o sector servizos de Vigo, cunha importante incidencia de traballadores autónomos e por conta allea en pequenos talleres e pequenas industrias familiares radicadas na zona.

Pódese observar na zona as súas características orixinarias, de tipo agrícola, forestal e gandeiro a pequena escala. A propiedade está dividida en pequenas parcelas, dedicadas exclusivamente á produción para o consumo familiar ou forestal.

Na actualidade, diversos colectivos desenvolven unha grande actividade social e cultural nos que destacan o Centro Cultural Recreativo de Valladares, a Asociación de Veciños de O Freixo, a Unión Musical de Valladares, a asociación de veciños A Unión, a Sociedade Cultural e Deportiva Atlántida, a Asociación de Veciños de Zamáns,...

Estas asociacións son centros de reunión dos veciños e están orientadas a manter vivas as tradicións; ao tempo que, van incorporando elementos novos que inciden na vida social e cultural das parroquias.

- **O alumnado do centro**

O noso centro conta con 22 unidades, incluíndo os dous grupos de PMAR (2º e 3º) e ten unha matrícula de 550 estudantes.

Se non temos en conta o primeiro curso de funcionamento, o 1999/2000, no que apenas houbo alumnado de 4º ESO, pódese considerar que a matrícula inicialmente estaba arredor dos 450 alumnos/as e no transcurso da metade da vida do centro (seis anos) a matrícula do IES Valadares estabilizouse nos referidos 300 alumnos/as e as 12 unidades de funcionamento. Nos últimos anos aumentou a 550 e a 22 unidades.

O tipo de familia era, anteriormente, de clase media-baixa residente no ámbito rural, con niveis de estudos primarios e medios. Podemos comprobar agora que o nivel cultural é maior, e temos unha elevada porcentaxe de alumnado procedente do medio unrbán.

A lingua de comunicación habitual do alumnado é o castelán, aínda que en moitos casos no ámbito familiar empregan o galego. Co obxecto de contribuír á dinamización lingüística do galego, como lingua propia do país, procurárase que esta sexa a lingua ambiental, vehicular e de ensinanza no ámbito escolar, cumprindo co actual marco normativo en Galicia.

5. Obxectivos xerais do centro: prioridades de actuación

Co gallo de acadar os fins da educación secundaria obrigatoria: a adquisición dos elementos básicos da cultura, a preparación para a incorporación as ensinanzas postobrigatorias e a futura inserción laboral, e a formación para o exercicio dos dereitos e obrigas como cidadáns, se establecen as seguintes prioridades de actuación formuladas como obxectivos xerais do centro:

- Promover o desenvolvemento persoal do alumnado, procurando que adquiren unha formación reflexiva e crítica.
- Establecer un marco de convivencia baseado no respecto mutuo.
- Fomentar o coñecemento dos costumes e tradicións da nosa comunidade.
- Acadar un nivel axeitado de comprensión lingüística, social e académico do alumnado.
- Acadar un uso fluído das dúas linguas oficiais da comunidade; asemade, comprender e expresarse de maneira apropiada nalgunha lingua estranxeira.
- Fomentar o gusto pola lectura.
- Potenciar a atención á diversidade do alumnado.
- Promover a formación continuada do profesorado.

- Empregar unha metodoloxía flexible e aberta, de xeito que responda ás capacidades, necesidades e intereses dos alumnos.
- Organizar actividades complementarias e extraescolares que redunden na formación integral do alumnado.
- Fomentar a participación na xestión do centro dos integrantes da comunidade escolar.
- Promover a dotación, mantemento de instalacións e adquisición do material necesario.
- Xestionar consensuadamente os recursos económicos do centro.
- Desenvolver as capacidades do alumnado, especialmente a adquisición de hábitos de traballo para "aprender a aprender".
- Asumir os deberes, exercer os seus dereitos, practicar a tolerancia e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.
- Respetar a diferenza de sexos e rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres como forma de previr a violencia de xénero.
- Fomentar a resolución pacífica de conflitos rexeitando os comportamentos violentos.
- Utilizar as fontes da información (especialmente as relacionadas coas tecnoloxías da información e a comunicación) para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.

Para acadar todos estes obxectivos:

O noso centro quere ofrecer unha educación integral para todo o alumnado apoiándose en tres piares fundamentais:

- Inclusión
- Innovación
- Excelencia

Tendo o DUA como guía para a nosa práctica docente.

6. O centro educativo

A denominación oficial do centro é Instituto de Educación Secundaria Valadares.



- **Estrutura física do centro**

O proxecto de construción do IES Valadares está de acordo coas normas mínimas legais vixentes de edificación de instalacións docentes pero non tiveron en conta as necesidades prácticas de funcionamento. Como exemplo, cabe indicar a deficiente orientación espacial do edificio principal; de xeito que, a metade das aulas oriéntanse ao Leste e a outra, ao Oeste. Entre outras cousas, provocan problemas de calefacción no inverno e no verán aulas nas que o ambiente é abafante.

O edificio ten tres alturas: a planta baixa onde ao principio está a sala de profesorado, as aulas de 1º e 2º da ESO, taller de tecnoloxía 1, aula de música, aulas de plástica, laboratorio de bioloxía e xeoloxía. Ao final do corredor está o ximnasio. No primeiro andar están as aulas de materia para os grupos de 3º e 4º da ESO e bach, 2º E 3º PMAR, o laboratorio de física e química, aula de informática, taller de tecnoloxía 2 e aula de audiovisuais. Ao principio do corredor está a biblioteca do centro e o espazo de traballo/estudo para alumnado de

4ºESO, Bach e profesorado. No soto, temos as aulas de bacharelato, taller de artes, a nova Aula Magna, a cafetería e a sala para o ANPA, ademais da saída para o patio do centro. Arredor das pistas de deporte está a zona verde, con mesas e bancos moi concorridos no tempo de lecer e agora tamén utilizados para impartir docencia. No extremo dereito do edificio, na planta baixa, está a conserxería, secretaría e despachos (Dirección, Vicedirección, Xefatura, Secretario e Orientación), espazo PTS e aula de convivencia.

- **Oferta educativa**

6.2.1. Educación Secundaria Obrigatoria

A organización e estrutura:

ENSINANZA	CICLO	CURSO
Educación Secundaria Obrigatoria	1º ciclo	Primeiro
		Segundo+NEES + PMAR
		Terceiro+PMAR
	2º ciclo	Cuarto
Bacharelato Artes e Científico-Tecnolóxico		1º 2º

A ESO é unha etapa de catro anos de duración, cun primeiro ciclo que vai de 1º a 3º da ESO e un segundo ciclo con un curso que é 4º da ESO, na que se imparten as seguintes materias:

- 1º ESO: Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia, Educación Física, Educación Plástica, Visual e audiovisual (opcional a sección bilingüe), Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, 1ª Lingua Estranxeira: Inglés, 2ª Lingua Estranxeira: Francés ou Portugués, e unha de entre as seguintes opcións: Relixión ou Valores Éticos. Entre as de libre configuración elixiran entre Investigación e tratamento da información e Programación (esperamos recuperala).
- 2º ESO: Física e Química, Xeografía e Historia, Educación Física, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Música, Tecnoloxías (opcional a sección bilingüe), 1ª Lingua Estranxeira: Inglés, 2ª Lingua Estranxeira: Francés ou Portugués, e unha de entre as seguintes opcións: Relixión ou Valores Éticos. Entre as de libre configuración, elixirán, Hábitos de Vida Saudable (esperamos recuperala) e Igualdade de Xénero.
- 3º ESO: Bioloxía e Xeoloxía (opcional a sección bilingüe), Xeografía e Historia, Educación Física, Educación Plástica Visual e Audiovisual (opcional a sección bilingüe), Física e Química, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas (a elixir entre académicas e

aplicadas e a sección bilingüe), Música, Tecnoloxía, 1ª Lingua Estranxeira: Inglés, unha materia de entre as seguintes: Cultura Clásica, 2ª Lingua Estranxeira: Francés ou Portugués, e outra de entre as seguintes opcións: Relixión ou Valores Éticos


- 4º ESO: Xeografía e Historia, Educación Física, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, 1ª Lingua Estranxeira Inglés, e outra a elixir entre dúas opcións: Relixión ou Valores Éticos. Dependendo da opción teñen diferentes materias asignadas á mesma, segundo se explica na seguinte táboa, coas opción das matemáticas da sección bilingüe.

A oferta educativa nas distintas materias ven definida na seguinte táboa:


Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.)

1º E.S.O.	2º E.S.O.	3º E.S.O.	4º E.S.O.		
Materias obrigatorias					
Xeografía e Historia	Xeografía e Historia	Xeografía e Historia	Xeografía e Historia		
Educación Física	Educación Física	Educación Física	Educación Física		
Lingua Castelá e Literatura	Lingua Castelá e Literatura	Lingua Castelá e Literatura	Lingua Castelá e Literatura		
Lingua Galega e Literatura	Lingua Galega e Literatura	Lingua Galega e Literatura	Lingua Galega e Literatura		
Bioloxía e Xeoloxía	Física e Química	Física e Química	Lingua Estranxeira		
Lingua Estranxeira Inglés	Lingua Estranxeira Inglés	Lingua Estranxeira Inglés	Ensinanzas Académicas		E. Aplicadas
Matemáticas	Matemáticas	Bioloxía e Xeoloxía (sección bilingüe)	A1	A2	B
Ed. Plástica Visual e Audiov.(sección bilingüe)		Ed. Plástica Visual e Audiov. (sección bilingüe)	Matemáticas Académicas (con opción a sección bilingüe)		Mate. Aplicadas
			Bioloxía	Economía	Tecnoloxía
	Tecnoloxía (sección bilingüe)	Tecnoloxía	Física e Química	Latín	Iniciación a Activ. Empresariais e Emprendedoras
	Música	Música			
Elixir unha das seguintes opcións					
Relixión ou Valores éticos.					
2º Lingua estranxeira: Francés ou Portugués					
		Matemáticas Aplicadas ou Matemáticas Académicas (sección bilingüe)			
1º E.S.O.	2º E.S.O.	3º E.S.O.	4º E.S.O.		
Materias optativas					
Escoller unha:			Ensinanzas Académicas		E. Aplicadas
Iniciación ao tratamento da información (ITI)	Hábitos de Vida Saudable (HVSA)	Cultura Clásica	A1	A2	B
		Elixir dúas:			
		Tecnoloxía			
		Educación Plástica, Visual e Audiovisual			
Programación e Robótica	Igualdade de Xénero (IX)	2º L. Estranxeira: Portugués ou Francés	2º Lingua Estranxeira: Francés ou Portugués**		
			Tecnoloxías da Información e da Comunicación		
			Música		
*Elixir de entre as dúas a que non colleu nas troncais da opción. Collerán a mesma que colleron en 3º da ESO.					
**					

Oferta 1º Bacharelato



Oferta 2º Bacharelato



- **Organización de espazos e instalacións**

Dado o desnivel da parcela, a construción das instalacións tivéronse que realizar en dous niveis, separados polo edificio central e por debaixo das cotas da Avenida de Clara Campoamor e por riba das da estrada da Escola.

A proposta dos edificios realizouse sobre o primeiro nivel en forma de U, situándose á parte esquerda o ximnasio, unido á parte central, e na dereita a zona de administración e casa do conserxe, esta última de forma independente.



Biblioteca.

No edificio central, hai dous andares sobre o primeiro nivel nas que se atopan na planta baixa: 8 aulas ABALAR (nas que se imparten as ensinanzas de 1º e 2º ESO), aula de Música, aula de Informática, aula de Debuxo, aula de Plástica, laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía, aula-taller de Tecnoloxía, Sala de Profesores, Despachos (de Dirección, Xefatura de Estudos, Secretaría, Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, e Orientación), aula de apoio de Pedagogía Terapéutica, Administración, Conserxería, e aseos, **Aula de Convivencia** e, na primeira planta: 12 aulas de uso xeral (adscribas na súa maioría a Departamentos máis as dúas de 2º e 3º PMAR), aula de Informática, laboratorio de Física e Química, aula-taller de Tecnoloxía, Biblioteca, Espazo de Traballo e aseos.




Ximnasio.

O soto, aberto en principio ao segundo nivel, conta con tres aulas novas, taller de artes e a Aula Magna. O soto conta, ademais, cos vestiarios do Ximnasio, Cafetaría, o almacén, os equipos de produción de Auga Quente Sanitaria e Calefacción, vestiarios do persoal de limpeza, aseos, etc.


O centro está dotado así mesmo cun ascensor que da acceso ás tres plantas e aseos específicos de discapacitados físicos.

Ao exterior, no segundo nivel temos a zona deportiva aberta, consistente en dúas pistas polideportivas.


A superficie construída no IES Valadares supón un total de 4.872,30 m², repartidos do seguinte xeito: soto, 1.091'30 m²; planta baixa, 2.217'60 m²; e primeira planta, 1.563'40 m².



Plano do Semisoto.



Plano Planta Baixa.



Plano Primeira Planta.

*

*Os planos modificáronse coas obras de mellora do espazos, biblioteca, aulas novas e Aula Magna, pero estamos pendentes de actualización dos mesmos por parte da unidade técnica.

• **Actividades complementarias e extraescolares**

As actividades complementarias e extraescolares constitúen un complemento ás actividades lectivas que se desenvolven no centro educativo.

Cada curso académico, dentro da Programación Xeral Anual, o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares elaborará a correspondente programación das actividades complementarias e extraescolares, que deberá ser aprobada polo Consello Escolar.

Os departamentos didácticos colaborarán co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares na proposta e deseño das actividades.

As actividades complementarias e/ou extraescolares que se fagan fóra do centro contarán coa autorización dos pais ou representantes legais do alumno/a. As complementarias que se fan dentro do horario lectivo son de carácter obrigatorio, por seren avaliábeis na materia dende a que se fai a proposta, polo que a non asistencia suporá unha nota negativa na correspondente avaliación da materia.



Mural realizado polos alumnos do centro xunto aos alumnos do Colexio Sobreira, o día da Paz.
Febreiro 2016.

Os luns ao mediodía, o alumnado poderá quedar para asistir á oferta da actividade de Obradoiro de Inglés (Club de inglés), impartido polo profesor nativo do programa Fullbrigt que está destinado no noso centro, Manga, Diversidade, Costura, Ciencias, Matemáticas, Portugués ou teñen tamén a opción gratuíta de quedar estudando na biblioteca. O ANPA coordina estas actividades do mediodía, de xeito que sempre hai uns coidadores/as responsable dos alumnos que se quedan. A cafetería do centro estará aberta para que os alumnos poidan comer alí.

- **Servizos complementarios: transporte escolar**

A situación particular do Instituto, nun lugar situado lonxe da case totalidade dos núcleos de poboación dos que procede a gran maioría do alumnado, obriga a que este deba ser transportado ao centro educativo.

Deste xeito, a Consellería de Educación e O. U. pon a disposición do noso alumnado a realización de 10 liñas de transporte que basicamente abarcan, na súa totalidade, ás parroquias de Zamáns, Valadares, e, parcialmente, ás de Matamá, Castrelos, e alumnado procedente do núcleo urbano de Vigo, incluída a zona de Balaídos.

O dereito de uso do servizo de transporte escolar ven regulado pola Instrución 3/2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 14 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso 2021-2022.

7. Organización e xestión do centro

O Regulamento Orgánico dos institutos de educación secundaria aprobado no Decreto 324/1996, do 26 de xullo, e a Orde de 1 de agosto de 1.997 que o desenvolve establece a estrutura organizativa do IES Valadares.

A Lei Orgánica 2/2006, de Educación, ven de modificar parcialmente as funcións dos distintos órganos que compoñen a estrutura organizativa dos centros de ensino.

7.1 Órganos de goberno

7.1.1. Órganos unipersoais

Se distinguen os seguintes órganos unipersoais:

□ Directora.

Representa ao Instituto, dirixe e coordina todas as actividades do Instituto.

Vicedirección

Actividades

Substituirá ao/á Director/a na súa ausencia.

□ Xefa de Estudos.

Exerce a xefatura do persoal docente no relativo ao réxime académico e coordina as actividades académicas.

□ Secretario.

Responsable da xestión administrativa e económica do Centro e da garda, custodia e tramitación dos expedientes dos/as alumnos/as.

7.1.2. Órganos colexiados

Como en calquera Instituto de Educación Secundaria hai os seguintes órganos colexiados:

□ Consello escolar:

O Consello Escolar é o órgano de participación na xestión do Centro dos distintos membros da comunidade escolar e está composto por:

a Directora (que será a súa Presidenta),

a Xefa de Estudos,

o secretario

7 profesores/as elixidos/as polo Claustro,

3 representantes do colectivo de nais e pais (un deles proposto directamente pola Asociación de Nais e Pais do Instituto),

4 representantes do colectivo de alumnas e alumnos,

un representante do colectivo do Persoal de Administración e Servizos,

1 representante do Concello de Vigo

o/a Secretario/a (que actuará como Secretario/a do Consello e terá voz pero non voto).

□ Claustro de profesores/as:

O Claustro de Profesores/as do IES Valadares está integrado pola totalidade do profesorado que presta servizo no centro. O Claustro de Profesores/as está presidido polo/a Director/a.

O Claustro de Profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do centro e ten responsabilidade sobre todos os aspectos educativos do centro.

Na actualidade, está composto por un total de 51 membros, distribuídos en profesores/as, 1 profesor de relixión católica (con carácter de persoal laboral por tempo indefinido).

7.1.3. Comisi3ns mixtas no seo do Consello Escolar

No seo do Consello Escolar se constitúen as seguintes comisi3ns:

□ Comisi3n econ3mica.

Integrada polo Director/a, o Secretario/a, un representante do profesorado, un representante das nais e pais e outro do alumnado elixidos por cada un dos sectores respectivos de entre os membros do Consello Escolar.

Entre as s3as funci3ns est3n colaborar na elaboraci3n da memoria econ3mica do centro, do seu orzamento e na avaliaci3n das s3as necesidades, e presentar esta documentaci3n ao Consello Escolar.

□ Comisi3n de Convivencia Escolar.

Constitu3da polo Director/a, a Xefe/a de Estudos, a Orientador/a, un representante do alumnado, un representante das nais e pais, un representante do persoal non docente e tres representantes do profesorado, elixidos por cada un dos sectores respectivos de entre os membros do Consello Escolar.

Entre as s3as funci3ns est3n as de dinamizar o Plan de Convivencia do centro, elaborar o informe anual da an3lise da convivencia e coordinar acci3ns conxuntas no 3mbito da convivencia. Realizaci3n das funci3ns indicadas no Regulamento Org3nico dos institutos de educaci3n secundaria e na Orde que o desenvolve.

7.2. Organizaci3n do profesorado

7.2.1. Departamentos did3cticos

Son os encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das 3reas, e as actividades que se lles encomenden, dentro do 3mbito das s3as competencias. Est3n formados por t3dolos/as profesores/as que impartan as ensinanzas propias das 3reas e materias asignadas ao departamento.

O persoal docente do IES Valadares enc3drase nos seguintes departamentos:

Ciencias Naturais: 3 PES

Xeograf3a e Historia: 4 PES

Educaci3n F3sica: 2 PES

Educación Plástica Visual e Audiovisual.: 5 PES

Física e Química: 3 PES

Francés: 1 PES

Inglés: 4 PES

Lingua Galega: 5 PES

Lingua Castelá: 6 PES

Matemáticas: 7 PES

Música: 1 PES

Relixión: 1 REL

Tecnoloxía: 5 PES



Sala de profesorado

7.2.2. Departamento de orientación

O Departamento de Orientación está constituído polo Profesor/a especialista de Psicología, Pedagogía ou Psicopedagogía, o profesorado de apoio para a atención ao alumnado con necesidades educativas (mestres da especialidade de Pedagogía Terapéutica) e un titor ou titora por cada un dos niveis do centro (que serán designados polo Director a proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica).

7.2.3 Departamento de actividades complementarias e extraescolares

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades: vicedirección.

Teñen carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan: visitas, viaxes de estudio e outras semellantes.

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar e se realizan fóra de horario lectivo.

A participación nas actividades complementarias, que se fan dentro do horario escolar, é necesaria, pois forman parte das programacións dos correspondentes departamentos que as organizan. Se un alumno non asiste sen xustificación a algunha actividade proposta, perderá o dereito a acudir ás demais, incluíndo á viaxe de fin de curso.

Estará integrado polo Xefe/a do departamento, e para a actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma.

*Viaxe de fin de curso 4º ESO e 1ºBACH

Na primeira reunión con pais para a presentación da proposta da viaxe, se lles entregará unha nota informando das condicións que deberán asinar, aceptando as mesmas.

Os alumnos que perdan o dereito de ir a excursión por sanción ou os que decidan non ir, deberán entregar os cartos acadados e pasarán ao fondo común. (Aprobado no Consello escolar do 24 de abril de 2017, en sesión ordinario)

7.2.4. Comisión de coordinación pedagóxica (CCP)

É o órgano encargado de establecer os criterios para a elaboración das programacións didácticas, plans de acción tutorial e de orientación educativa e profesional, asegurando a súa coherencia co PEC. Está formada por:

Directora

Xefa de Estudos

Vicedirectora, tamén como coordinadora de actividades extraescolares.

Xefes/as dos Departamentos Didácticos

Xefa do Departamento de Orientación,

Dinamizador da Lingua Galega,

Profesorado de apoio,

7.2.5. Equipo da biblioteca do centro

Será un grupo de apoio, de carácter interdisciplinar, formado por profesorado dos diferentes departamentos presentes no centro, con dispoñibilidade e dedicación específica para a realización das distintas tarefas derivadas do proxecto de biblioteca do centro, que se considerará na elaboración dos horarios do profesorado ao comezo do curso escolar. Está coordinado pola persoa responsable da biblioteca.

Co obxectivo último de que o alumnado acade satisfactoriamente as competencias en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, e cultural e artística, se considera que a Biblioteca Escolar debe perseguir os seguintes obxectivos xerais:

- Por a disposición da comunidade educativa os materiais necesarios para a adquisición de coñecementos, a comprensión do mundo no que estamos a vivir, o desenvolvemento íntegro das persoas e o fomento de espírito crítico.
- Apoiar ao alumnado na aprendizaxe e na adquisición das competencias básicas, independentemente do soporte ou formato, tendo en conta as formas de comunicación máis usuais na súa comunidade.
- Proporcionar acceso aos recursos globais e permitir que o alumnado se poña en contacto con ideas e opinións diversas.

A Biblioteca debe constituírse no espazo onde se centralicen os materiais de

consulta necesarios para a práctica docente e o seguimento das actividades lectivas do alumnado.

As actividades a desenvolver na Biblioteca deben integrarse nos procesos pedagóxicos do centro e no seu Proxecto Educativo.

Debe ser, polo tanto, un espazo favorable á práctica do estudo, a investigación, a lectura e a autonomía no proceso formativo.



7.2.6. Equipo de Dinamización da Lingua Galega

A Equipa de Dinamización da Lingua Galega é o órgano encargado de promover o uso da Lingua Galega no seo da comunidade educativa.

Actúa baixo a supervisión da dirección do centro e está formada por tres representantes do profesorado (a proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica), tres representantes do alumnado (a proposta da Xunta de Delegados) e un do persoal non docente. Un dos membros do profesorado será o dinamizador da equipa. Os obxectivos do equipo de dinamización da Lingua galega son, principalmente os seguintes:

- Potenciar a valoración positiva do galego como lingua válida para ser usada en calquera ámbito, proxectando unha imaxe da nosa

- lingua asociada á modernidade, á cultura, á tecnoloxía e, en definitiva, ao futuro.
- Conseguir que o alumnado coñeza e supere os prexuízos que existen sobre o uso público da nosa lingua e vexa nela unha fonte de riqueza patrimonial, identitaria e mesmo económica, como elemento diferenciador que é.
 - Atraer o interese doutros sectores da comunidade educativa (pais, persoal non docente, etc.) sobre o traballo desenvolvido polo equipo de dinamización lingüística do centro e conseguir a súa implicación no desenvolvemento de actividades normalizadoras.
 - Defender o dereito, legalmente establecido, de todos os membros da comunidade escolar ó emprego do idioma galego, tanto oralmente coma por escrito.
 - Cambiar as actitudes pasivas e mesmo negativas verbo da lingua que aínda manteñen algúns alumnos e membros da comunidade educativa.
 - Favorecer un estado de reflexión serena e construtiva sobre a realidade lingüística deste centro en particular e da sociedade galega en xeral, de xeito que se sinta como propia a necesidade de potenciar a aprendizaxe, emprego e espallamento do noso idioma como vehículo comunicativo habitual fóra e dentro da vida académica.
 - Coñecer e divulgar, cos procedementos e instrumentos oportunos, a opinión e o posicionamento con respecto á lingua dos estamentos do centro para avalialos correctamente e dispoñer aqueles mecanismos que permitan, en consecuencia, levar a cabo o proceso de normalización cunhas mínimas garantías de éxito.
 - Superar os complexos lingüísticos manifestos ou subxacentes que poidan existir nos integrantes da nosa comunidade escolar á hora de empregar a nosa lingua.
 - Potenciar a investigación, difusión e coñecemento dos valores históricos, culturais... de Galicia e ver neles a aportación desta comunidade ó ben cultural universal.

.7.3. Organización co alumnado

Delegados/as de grupo e ecodelegados/as

O alumnado elixido como Delegado/a de grupo son os representantes do alumnado dos distintos grupos, e os encargados de canalizar os problemas do grupo ante os Profesores/as, Titores/as, Xefe/a de Estudos e Director/a. Haberá tamén un subdelegado/a que substituirá ao delegado/a na ausencia de este/a e o apoiará nas súas funcións.

Os Delegados/as serán elixidos antes do remate do primeiro mes de curso por voto directo e segredo de entre o alumnado que compón o grupo.

Dos resultados da votación se levantará acta que será entregada na Xefatura de Estudos.

As funcións do Delegado/a de grupo son as establecidas no artigo 114º do Decreto 324/1996. En ningún caso os Delegados/as poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros do alumnado ao que representan.

Por outra parte, a designación do Delegado/a de grupo poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ao profesorado titor, pola maioría absoluta do alumnado do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase a convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no presente Proxecto Educativo.

*Como novidade escolleranse en cada grupo a figura de dous ecodelegados/as, en substitución dos anteriores encargados de eficiencia enerxética ampliando as súas funcións. Encargaranse de: apagado de luces, apertura e peche de ventanas para conseguir óptimización entre ventilación necesaria e gasto enerxético, programa de reciclaxe de papel etc

7.3.1. Xunta de delegados

A Xunta de Delegados do alumnado é o órgano integrado polos representantes do alumnado dos distintos grupos, os Delegados de grupo, e polos representantes do alumnado no Consello Escolar.

A Xunta de Delegados sitúase como o órgano que canaliza as consideracións e inquiredanzas do alumnado cara os seus representantes no Consello Escolar e ante a Dirección do Instituto e, en sentido inverso, informa ao alumnado do Instituto das decisións e propostas que emanadas das deliberacións do Consello Escolar ou da Dirección lle afecten.

A Xunta de Delegados constituirase unha vez foran elixidos os Delegados/as dos respectivos grupos. A convocatoria de constitución da Xunta de Delegados será realizada polo/a Xefe/a de Estudos.

Os Delegados de grupo exercerán a súa función como membros da Xunta de Delegados ata a finalización do curso académico no que foron elixidos e permanecerán, en funcións, ata a constitución da nova Xunta de Delegados no

curso seguinte. No referente aos representantes do alumnado no Consello Escolar, decaerán no seu dereito de membros da Xunta de Delegados no momento en que finalice a súa relación co Consello Escolar.

Os membros da Xunta de Delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións nos termos da normativa vixente.

Previo coñecemento do/a Director/a, a Xunta de Delegados poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan aos delegados dun curso ou dunha das etapas educativas que se impartan no Instituto, e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes, ben durante os recreos ou ben polas tardes fora do horario lectivo.

7.3.2. Representante da Xunta de delegados

A xunta de delegados estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes. (Decreto DOG do 9 de agosto de 1996 Artigo 109).

É competencia do delegado que preside a Xunta:

- a) Convocar as reunións que se precisen.
- b) Presidir as reunións e coordinar as mesmas.
- c) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións.
- d) Facer chegar as propostas da xunta de delegados a os distintos órganos de dirección ou de coordinación didáctica do centro.

7.4. Organización do persoal non docente

O persoal non docente está constituído por un administrativo, dúas conserxes e tres membros do persoal de limpeza.

O horario de atención ao público na Secretaría do centro é de 8:45 a 14:15, que permanece aberta durante o curso escolar os días lectivos, máis os meses de xullo e setembro. No mes de agosto, a Secretaría do centro pecha por vacacións da persoa que exerce as labores de Administrativo.

O persoal de conserxería exerce as súas funcións a xornada completa de mañá; aínda que alternativamente atenden a Conserxería os luns en horario de tarde durante a xornada lectiva.

O persoal de limpeza realiza as súas funcións en xornada completa de tarde de

14:00 a 21:30.

7.5. Reparto de responsabilidades non definidas na normativa

No centro aínda non temos **coordinador/a de Proxectos europeos**. As súas funcións serán asistir ás reunións referidas a estes temas e tratar de incorporar ao centro en novos proxectos, coordinar e organizar o intercambio do noso alumnado. Apostamos por que o noso centro recupere os intercambios con outros países.

Entendemos que ter a páxina web do centro ao día é indispensable, ademais dun medio para ter unha comunicación directa coa comunidade educativa. Por este motivo, temos unha **coordinadora da páxina web**, que controla as publicacións na mesma e facilita que todo o necesario apareza nela. Ademais de **coordinadora das Redes Sociais**.

Este curso, temos un **coordinador do Plan de formación do profesorado**, que continuará o vindeiro curso, cando termina este plan:

- Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.
- Educación inclusiva e coeducativa.
- Convivencia escolar e clima da aula. Saúde e benestar emocional. Relacións coas familias
- Biblioteca escolar
- Programas de Plurilingüismo. Competencia comunicativa en linguas maternas e estranxeiras. Tratamento integrado de linguas.
- Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros

E por último, contamos cunha **coordinadora da aula virtual**, na que temos posto moito interese para que en pouco tempo todos os departamentos teñan os seus contidos e materiais de traballo. Este curso impartirá a formación e coordinará un grupo de traballo específico sobre a aula virtual, dentro do programa do PFPP.

7.6. Criterios para o agrupamento do alumnado e para a planificación educativa dos espazos

7.6.1. Agrupamento do alumnado

O criterio principal para o agrupamento do alumnado é a procura da homoxeneidade dos diferentes grupos dun mesmo nivel; deste modo, se procurará distribuír ao alumnado repetidor e/ou que precisen da aplicación de medidas de atención á diversidade extraordinarias de xeito equitativo entre os grupos dun mesmo nivel.

Así mesmo, procurarase distribuír homoxeneamente ao alumnado que cursan a Segunda Lingua Estranxeira (ben sexa Francés ou Portugués) ou son obxecto da aplicación de Reforzos Educativos (por quedar exentos de cursar o segundo idioma como optativa), os que participan nas Seccións Bilingües, etc., nos diferentes grupos dun mesmo nivel.

Polo tanto todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: dislexias, TDAH, TEA, altas capacidades, discapacidades, quedará repartido entre todos os grupos do mesmo nivel.

En calquera caso, a aplicación deste criterio queda supeditado á dispoñibilidade de profesorado necesaria; sendo esta variable controlada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Por outra parte, para o alumnado de 1º ESO se procurará mesturar o alumnado dos diferentes colexios adscritos evitando crear grupos maioritariamente orixinarios dun único centro educativo.



7.6.2. Planificación educativa dos espazos

As aulas están distribuídas nos dous andares do centro de xeito que o alumnado de 1º e 2º ESO están situados no baixo nas súas correspondentes aulas nas que

se atopan os medios TICs subministrados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dentro de Programa Abalar; mentres que, o alumnado de 3º e 4º ESO e os dous grupos de PMAR desenvolven as súas actividades lectivas fundamentalmente no primeiro andar en aulas adscritas aos diferentes departamentos didácticos. O alumnado de bacharelato utilizará preferentemente as aulas do soto e da planta alta. Na actualidade, case todas as aulas contan cunha pizarra dixital e o correspondente ordenador para avanzar no emprego das novas tecnoloxías en cada materia. Esperamos que nun futuro moi próximo dotar a todas as aulas da súa pizarra dixital.

8. Relación do centro con outras institucións

O centro está aberto a cantas iniciativas de relación e participación externas supoñan un beneficio para os membros da comunidade educativa, en especial para o alumnado. De xeito que, os recursos do IES Valadares estarán a disposición de entidades sociais, culturais, artísticas, deportivas,... sempre e cando se garden certas normas de respecto e coidado das instalacións, e teña a aprobación do Consello Escolar do centro.

Corresponde ao Consello Escolar adoptar as medidas que procedan para conceder permisos para a utilización das súas instalacións, en función das necesidades derivadas da programación das actividades do instituto.

O centro utilízase en moitas ocasións para cursos ao profesorado organizados polo CFR Vigo.

Colabórase cos colexios adscritos, co CSCV de Valadares, con ONGs como Cruz Vermella, Cáritas, Amnistía Internacional ou Entreculturas.

Trabállase conxuntamente con entidades públicas como Servizos Sociais do Concello de Vigo, Servizo de Menores da Xunta de Galicia ou Unidade de Familia e Menores da Policía Nacional.

Destacamos o desenvolvemento de actividades dende a radio do centro, como a participación nun programa de radio conxunto organizado dende o Centro Cultural de Valladares con colexios da contorna, no que ademais do noso, participan tamén o Colexio Barreiro e o Ándersen.

9. Concreción do currículo

9.1. Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto do centro educativo



9.1.1. Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Tanto a educación secundaria obrigatoria e bacharelato contribuirán a desenvolver nos alumnos as capacidades ou competencias que lles permitan:

- 1.- Consolidar hábitos de disciplina, responsabilidade, estudo e traballo individual e en equipo, de uso da iniciativa persoal, toma de decisións e planificación de metas persoais, de distintas formas de aprender a aprender, como condicións imprescindibles para o desenvolvemento da autoconfianza e competencia persoal.
- 2.- Comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas cooficiais e en máis dunha lingua estranxeira, utilizándoas de maneira versátil para diferentes contextos e intencións comunicativas, e valorar a empatía na comunicación como instrumento de autorregulación do pensamento e eixe da convivencia.

- 3.- Desenvolver destrezas na procura, selección, organización e integración coherente da información, como estratexia para adquirir novos coñecementos e resolver problemas académicos e cotiás a través do uso habitual de distintos recursos, especialmente, das tecnoloxías da información e a comunicación.
- 4.- Fortalecer no alumnado as capacidades afectivas da personalidade e das súas relacións interpersoais, rexeitando os prexuízos e os comportamentos sexistas, co fin de acadar sempre a inclusión na comunidade educativa, e resolver pacificamente os conflitos.
- 5.- Desenvolver e aplicar o pensamento científico-técnico, utilizando valores e criterios éticos, que permitan adquirir actitudes para a resolución de problemas de distinta complexidade, en diversos campos do coñecemento e en situacións da vida cotiá.
- 6.- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico propio e da diversidade de persoas e pobos, participando na súa conservación e mellora co sentimento de cidadanía global e plural compatible coa identidade local.
- 7.- Coñecer, aceptar e respectar o funcionamento do corpo humano propio e doutras persoas, e desenvolver o coidado e calidade da saúde corporal persoal e social, afianzando hábitos de práctica, crítica e responsable, de actividade física e deporte, de consumo racional, así como de interacción e conservación do espazo físico e dos seres vivos.
- 8.- Capacitar aos alumnos con aprendizaxes integradores que lles permitan alcanzar o gusto por aprender, o éxito académico e a incorporación a estudos posteriores ou á vida laboral.
- 9.- Coñecer, comprender e valorar as distintas linguaxes e manifestacións artísticas, culturais e deportivas, e achegas relevantes, como parte da diversidade e da evolución do patrimonio dos pobos, diálogo intercultural, forma de desenvolvemento do pensamento diverxente-converxente e como fonte de enriquecemento e gozo.
- 10.- Participar nas actividades propostas pola comunidade educativa, mostrando exercicio na cidadanía democrática nunha sociedade plural, ao asumir responsablemente os deberes e dereitos no respecto ás outras persoas e grupos, exercitar o diálogo, practicar a tolerancia, a igualdade e equidade, e a cooperación e solidariedade.

9.1.2. Bacharelato.

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido

crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

9.2.1. Prioridades de actuación ESO

- Promover o desenvolvemento das habilidades sociais do alumnado, a cultura do esforzo, do traballo e da autoesixencia, co fin de habilitar ao alumnado na toma de decisións, a adquisición de novas aprendizaxes e coñecementos, e a transmisión a outros das súas vivencias.
- Ofrecer ao alumnado unha educación pública de calidade e compensadora de desigualdades.
- Potenciar as capacidades do alumnado, proporcionando unha educación integral.
- Promover no alumnado o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, de xeito que lles permita formar parte activa dunha sociedade cada vez máis ampla e global.
- Procurar unha metodoloxía integradora, activa e participativa na que se desenvolva a iniciativa persoal e a creatividade do alumnado.
- Fomentar no alumnado unha actitude crítica e investigadora, que desenvolva no alumnado a súa capacidade de aprender a aprender.
- Atender á diversidade, asegurando a todo o alumnado a adquisición de competencias que garanta a adquisición das competencias básicas e o desenvolvemento integral das persoas dentro dunha sociedade plural.

9.2.2. Prioridades de actuación ESO

- 1. Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en

equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá as medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público se traballen polo profesorado en todas as materias. O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. A acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante nesta etapa. O/a profesor/a titor/a coordinará a intervención educativa do equipo docente e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais, co fin de garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

9.3. Prioridades de actuación das dinamizacións

9.3.1. Dinamización de biblioteca

Dende o curso 2016-17 foi concedido o PLAMBE e dende o 2018-19 o plan LIA2 ao noso centro, gracias a un gran traballo e esforzo do equipo da biblioteca, polo que todas as actividades de centro estarán coordinadas coa biblioteca.

O uso da biblioteca é un recurso educativo imprescindible na procura dos obxectivos da etapa, é importante promover o acceso da comunidade educativa aos recursos depositados nela. Son actuacións prioritarias neste campo:

- Fomentar o uso da biblioteca escolar como recurso educativo.
- Promover o gusto pola lectura.
- Dotar á biblioteca con fondos actualizados.
- Formación de usuarios e educación documental.



Radio do IES Valadares.

9.3.2. Dinamización das novas tecnoloxías da información e a comunicación

As tecnoloxías da información e a comunicación constitúen unha ferramenta básica na procura de información e na comunicación das ideas. O centro forma parte do plan Edixgal dende o 2020-2021:

Os obxectivos fundamentais son:

- Impulsar o uso das TICs entre a comunidade educativa: profesorado e alumnado.
- Colaborar na formación do profesorado no uso didáctico das TICs.
- Dotar ás aulas do equipamento TIC necesario.
- Coordinar o uso das ferramentas TICs: correos corporativos, AV, web, redes sociais...

O noso centro e está dentro da Rede Galega de Educación Dixital, na que somos centro sede, e contamos cun asesor de zona (ubicado no noso centro) que é membro do noso claustro de profesorado.

9.3.3. Dinamización de convivencia escolar

- Fomentar entre o profesorado o uso de dinámicas de aula na procura dun clima escolar axeitado utilizando a aprendizaxe cooperativa como liña prioritaria de centro e en concreto o programa AC-CA.
- Promover un clima escolar axeitado para o desenvolvemento das actividades propias do Instituto.
- Coordinar actuacións na promoción dos valores democráticos de convivencia, diálogo e de cultura de paz, na procura de estratexias de resolución pacífica de conflitos utilizando as prácticas restaurativas como liña principal de actuación.
- Colaborar no desenvolvemento de programas de detección de dificultades na convivencia e de relación.

9.3.4. Dinamización da normalización lingüística

- Potenciar o uso da lingua galega nas actividades cotiás do Instituto.
- Promover o uso da lingua galega na vida diaria dos membros da comunidade educativa.
- Favorecer actitudes positivas sobre o uso da lingua galega entre os membros da comunidade educativa e combater os prexuízos que sobre ela se seguen mantendo na sociedade

9.3.5. Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias clave.

En línea con la Recomendación 2006/962/EC, de 18 de diciembre de 2006, del Parlamento Europeo y del Consejo, sobre las competencias clave para el aprendizaje permanente, en este decreto se incorpora la clasificación y denominación de las definidas por la Unión Europea. Se considera que "las competencias clave son aquéllas que todas las personas precisan para su realización y su desarrollo personal, así como para la ciudadanía activa, la inclusión social y el empleo".

Este decreto se basa en la potenciación del aprendizaje por competencias, integradas en los elementos curriculares para propiciar una renovación en la práctica docente y en el proceso de enseñanza y aprendizaje. Se proponen nuevos enfoques en el aprendizaje y en la evaluación, que van a suponer un importante cambio en las tareas que tienen que resolver los alumnos y las alumnas, y propuestas metodológicas innovadoras. Una competencia supone la combinación de habilidades prácticas, conocimientos, motivación, valores éticos, actitudes, emociones y otros componentes sociales y de comportamiento que se movilizan conjuntamente para lograr una acción eficaz. Por tanto, las competencias se consideran como conocimiento en la práctica, un conocimiento adquirido a través de la participación activa en prácticas sociales que, como tales, se pueden desarrollar tanto en el contexto educativo formal, a través del currículo, como en los contextos educativos no formales e informales; se conceptualizan como "un saber hacer" que se aplica a una diversidad de contextos educativos, sociales y profesionales.

El aprendizaje basado en competencias se caracteriza por su transversalidad, su dinamismo y su carácter integral. El proceso de enseñanza y aprendizaje competencial se debe abordar desde todas las materias de conocimiento y por parte de las diversas instancias que conforman la comunidad educativa, tanto en los ámbitos formales como en los no formales e informales; su dinamismo se refleja en que las competencias no se adquieren en un determinado momento y permanecen inalterables, sino que implican un proceso de desarrollo mediante lo cual los individuos van adquiriendo mayores niveles de desempeño en su uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular hace falta favorecer una visión interdisciplinar y, de manera especial, posibilitarle una mayor autonomía a la función docente, de forma que permita satisfacer las demandas de una mayor personalización de la educación.

El papel del personal docente es fundamental, pues debe ser capaz de diseñar tareas o situaciones de aprendizaje que posibiliten la resolución de problemas y la

aplicación de los conocimientos aprendidos, ya que los contenidos están subordinados a la acción.

Las concreciones curriculares para los distintos bloques de asignaturas, recogidas en los anexos I, II e III, se construyen a partir de los criterios de evaluación, ligándolos con los demás componentes de cada materia. Los criterios de evaluación se relacionan directamente con los estándares de aprendizaje, que no son más que concreciones de los propios criterios, y esos estándares se conectan con las competencias clave. Por otra parte, los criterios de evaluación describen lo que se pretende lograr en cada disciplina, y, en este sentido, los contenidos no son más que los medios para alcanzarlos.

En cada materia, los contenidos se agrupan en bloques, lo que no supone una secuencia ni implica una organización cerrada; por el contrario, permite organizar de diferentes formas los elementos curriculares y adoptar la metodología más adecuada a las características de los aprendizajes y del grupo de alumnos y alumnas a quienes van dirigidos.

Las competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz en un contexto determinado. Las situaciones de aprendizaje diseñadas para su desarrollo deberán incorporar tareas que contextualicen los aprendizajes y que permitan avanzar en más de una competencia al mismo tiempo. El enfoque metodológico deberá sustentarse en las referidas situaciones de aprendizaje, a fin de que los contenidos se conviertan en conocimientos aplicables con eficacia. En este diseño es responsabilidad del centro docente y del profesorado la adecuada selección de la metodología, que deberá ser variada y adecuada a las características y a los ritmos de aprendizaje de los alumnos y de las alumnas.

Las actividades de aprendizaje integradas pueden incluir elementos curriculares procedentes de distintos bloques. A su vez, estos elementos podrán formar parte de diferentes actividades y, al objeto de mejorar los resultados, esas actividades podrán tener carácter interdisciplinar.

El hecho de tratar simultáneamente, en una misma actividad, contenidos de bloques distintos e, incluso, de asignaturas diferentes, permitirá al profesorado determinar la conveniencia de evaluar la totalidad o sólo una parte de las competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaje. Corresponderá al centro docente velar por un tratamiento equilibrado de las competencias clave en las programaciones didácticas.

La puesta en práctica de esta recomendación dio lugar a la aprobación por el Ministerio de Educación, Cultura y Deporte de la Orden

ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.

El referente para evaluar los aprendizajes del alumnado son los criterios de evaluación y su concreción en los estándares de aprendizaje evaluables. En el diseño de las situaciones de aprendizaje se tomarán en consideración todos los elementos del currículo, entre ellos los procedimientos y los instrumentos de evaluación, así como los criterios de calificación que permitan evaluar tanto los resultados de la materia como el nivel competencial alcanzado por los alumnos y las alumnas

Tendo en conta os principios pedagóxicos establecidos na Lei Orgánica 2/2006, de Educación, e ao Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 29/06/15) no artigo 11, a metodoloxía basearase nos seguintes criterios tendentes a:

1. O profesorado elaborará una programación didáctica atendendo á diversidade de necesidades, intereses e idades que presenta o alumnado da etapa, adaptando e diversificando o currículo de forma flexible aos distintos ritmos de aprendizaxe, favorecendo que aprendan por si mesmos e en equipo.
DUA: distintas formas de presentar e recoller a información, traballar a motivación e implicación do alumnado. Tarefas multinivel, distintos medios de expresión: videos, audios, infografías, variedade de lecturas, flexibilidade nos medios: papel, informáticos,...
2. Desenvolver unha metodoloxía eminentemente activa e participativa, orientada cara o estímulo do espírito crítico do alumnado e ao logro dos obxectivos das competencias básicas, favorecendo un clima de participación e traballo individual e cooperativo.
Aprendizaxe cooperativa AC/CA, gamificación, docencia compartida.
3. Procura do traballo en equipo do profesorado con enfoque multidisciplinar, con coordinación entre todos os membros do equipo docente.
Comunicación e planificación entre os dptos con contidos similares, promoción das tarefas integradas e proxectos interdisciplinares.
4. O profesorado desenvolverá estratexias para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliados de cada materia, así como as competencias, fomentando a oral e escrita e o uso das matemáticas.
PFPP: participación do profesorado para acadar estes obxectivos

5. Procurar o uso activo das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Edixgal, PDI, AV, EVA, webex,
6. Guiar e mediar na aprendizaxe, procurando espertar a capacidade de aprender a aprender e a autonomía e iniciativa persoal entre o alumnado. A aprendizaxe realizarase principalmente de modo reflexivo, para que o alumnado poida acadar as súas propias conclusións.
Principio 3 do DUA.
7. Proxectar e ordenar actividades integradas de tal modo que o alumnado teña unha guía sistemática no proceso de aprendizaxe, que favoreza a adquisición de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para iso se favorecerán as metodoloxías de proxectos ou tarefas e actividades integradas, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.
8. Avaliar continua, global e individualmente o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O alumnado debe participar no proceso de avaliación e coevaluación impulsando a súa autonomía persoal.
Recibir feedback do alumnado e familias para adaptar e flexibilizar o proceso acadando o éxito.
8. Crear un sistema eficaz de orientación para contribuír á formación integral do alumno, tanto no plano académico como no profesional.
9. Ter en conta como principio á diversidade do alumnado, atendendo de xeito individualizado as necesidades de cadaquén, con medidas de reforzo cando se detecten dificultades, de carácter organizativo e curricular.

A diversidade non é unha excepción senón todo o contrario. Debe ser xeralizada a atención á diversidade dentro de todas as aulas. A atención individualizada, adaptando materiais, formas de entregar a información e de recollela (principios 1 e 2 do DUA), levando este procedemento de forma habitual dentro de todos os grupos.
10. Dedicar tempo á lectura nas materias para favorecer a comprensión e ao uso da información. Ofrecer distintas posibilidades de lectura obrigatorias e voluntarias: variedade (libros adaptados, cómics, novelas gráficas...), formatos (dixital, papel, online,..) e niveis (lectura fácil, ensaios,...)
11. Impartir as linguas de xeito integrado, favorecendo os coñecementos e experiencias que contribúan á competencia comunicativa plurilingüe. Recoller medidas concretas, tanto curriculares, metodolóxicas, terminolóxicas, de contidos, criterios de avaliación e estándares que sexan similares nas distintas linguas, de xeito que evite a repetición de aspectos comúns na aprendizaxe.

Para esto actualizárase e levarase á práctica o PIL promovendo concrecións e traballando man a man entre os departamentos máis implicados.

Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na lingua estranxeira para o alumnado que presente dificultades na expresión oral e/ou escrita, sen minorar as súas cualificacións.

Para acadar todos estes obxectivos, o centro aposta por unhas metodoloxías activas:

- Aprendizaxe cooperativa.
- Materias integradas.
- Proxectos interdisciplinares.
- Docencia Compartida.
- Apoios e reforzos dentro da aula.
- Tarefas multinivel.
- Prácticas Restaurativas

O centro comprométese a organizar e facilitar todos aqueles proxectos que sigan estas liñas así como promocionará programas de formación para o profesorado (PFPP).

9.4. Incorporación da educación en valores

O Instituto é un axente socializador e reprodutor dos valores presentes na sociedade e, polo tanto, debe destinar un espazo para a educación en valores. Deste xeito, os valores cos que o centro se identifica deben estar definidos no Proxecto Educativo; deste xeito, se establecen, entre outros os seguintes valores:

- Respecto aos demais e a súa diversidade.
- Paz, entendida como o rexeitamento dos comportamentos violentos, o uso do diálogo e o establecemento de normas de convivencia consensuadas.
- Tolerancia, como capacidade de aceptar e respectar as ideas e opinións distintas das propias.
- Igualdade, no sentido de rexeitamento das actitudes de discriminación por razóns de sexo, relixión, ideas, etc., e respecto dos dereitos das persoas.
- Solidariedade, compartindo as responsabilidades na procura do interese común.
- Cooperación, fomentando o traballo coordinado e en equipo na procura dun obxectivo común.
- Autonomía na toma de decisións, como capacidade de adoptar decisións e actuar de forma coherente en situacións diversas.

O equipo directivo facilitará a organización de actividades para acadar

estes obxectivos. Valeráse, entre outras propostas, das actividades complementarias e extraescolares, dos clubs, das actividades dos mediodías dos luns, semanas culturais, proxectos interniveis e interdisciplinares de centro, dos Plan de Convivencia e Igualdade, do Plan de Acción Titorial etc.

Promocionarase a formación do profesorado neste eido. Promoverase unha figura de docente cercana e exixente, comprensiva coa diversidade do alumnado, coñecedora da súa realidade, que promova estes valores e fomente a formación integral. Que se adapte ás circunstancias e peculiaridades da aula. Que persiga o éxito de cada alumno/a flexibilizando materiais, metodoloxías e ferramentas de avaliación. Docente que faga da avaliación unha posibilidade de mellora da súa propia docencia.

Tamén se terá en conta o feedback co alumnado e familias sobre o proceso educativo valorando ás súas aportacións, opinións e críticas constructivas. Facendo deste proceso un proceso aberto, flexible, que vaia adaptándose ao longo de cada curso ás circunstancias particulares de cada grupo e/ou alumna. Facendo desta interacción, nos dous sentidos, unha oportunidade para a mellora da calidade da ensinanza.

Tamén os Departamentos Didácticos tomarán as medidas oportunas para desenvolver axeitadamente os seguintes obxectivos referentes á educación en valores:

1. Conseguir unha verdadeira educación baseada en valores.
2. Incorporar nos currículos, de forma transversal, aquelas ensinanzas que inciden directamente na escala de valores (contidos transversais): educación para a paz, a saúde, a solidariedade, o respecto á diferenza e a igualdade entre os sexos.
3. Velar por todas aquelas actividades que fomenten a realidade plural da nosa sociedade e os valores democráticos.
4. Fomentar hábitos de respecto entre iguais así como actitudes de diálogo entre os membros da comunidade educativa, creando marcos de convivencia para a resolución de conflitos.
5. Concienciar aos membros da comunidade educativa da responsabilidade de todos no mantemento e coidado das instalacións, fomentando o respecto pola propiedade pública.
6. Fomentar o respecto á diversidade como algo característico do ser humano.
7. Fomentar o respecto e valoración polos hábitos de disciplina, esforzo e traballo como unha forma de acadar os obxectivos e unha forma de vida.



9.5. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes

9.5.1. Instrucións para elaborar as programación didáctica

Os Departamentos Didácticos deberán seguir o seguinte protocolo para a elaboración das súas programacións didácticas:

1. Cada departamento didáctico elaborará a programación de cada unha das materias, ámbitos ou módulos que teña asignados.
2. A xefatura de cada departamento deberá coordinar a elaboración das programacións didácticas das materias que se integran no seu departamento e que deberán ser aprobadas polos membros que compoñen o departamento nunha reunión convocada ao efecto.
3. As programacións didácticas deberán ser entregadas, pola persoa que exerza a xefatura do respectivo departamento didáctico, en formato electrónico ao comezo das actividades lectivas de cada curso escolar.
4. A xefatura de estudos remitirá unha copia das programacións didácticas ao servizo de inspección educativa.

5. As modificacións ás programacións didácticas que se realicen ao longo do curso deberán ser aprobadas polos respectivos departamentos e deixarán constancia no seu Libro de Actas.
6. Ao comezo de cada curso a xefatura de estudos informará a todos os departamentos do modelo común para todas as programacións cos seus apartados e formato. Facilitará este documento para completar a cada xefatura de departamento.
7. Ao comezo de cada curso a xefatura de cada departamento didáctico elaborará información relativa á programación didáctica que dará a coñecer ao alumnado a través do profesorado das distintas materias asignadas a cada departamento. Esta información incluirá:
 - Concreción curricular cos pesos de cada estándar, procedementos e instrumentos de avaliación.

9.5.2 Elementos das programacións didácticas

Os elementos mínimos que deben recoller todas as programacións didácticas son os seguintes:

8. Introducción e contextualización.
9. Contribución das materias ao logro das competencias clave.
10. Concreción de obxectivos (por curso) en relación coas competencias básicas.
11. Estándares de aprendizaxe avaliáveis, por unidade relacionados, coas competencias clave:
 - Temporalización
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - Procedementos e instrumentos de avaliación.
12. Criterios de cualificación.
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
14. Procedementos e instrumentos de avaliación.
15. Procedementos para a realización da avaliación inicial.

16. Criterios de cualificación.
17. Plans de traballo para superación de materias pendentes.
18. Procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria.
19. Metodoloxía didáctica.
20. Medidas de atención á diversidade.
21. Programación da educación en valores. Elementos transversais en cada curso.
22. Accións de contribución ao proxecto lector.
23. Accións de contribución ao plan TIC.
24. Accións de contribución ao plan de convivencia.
25. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.
26. Actividades complementarias e extraescolares.
27. Procedementos para avaliar a propia programación en función dos resultados académicos e os procesos de mellora.
28. Concreción curricular.

9.6. Valores éticos ao alumnado que non opte polas ensinanzas de relixión

O alumnado da ESO que non opte polas ensinanzas de Relixión Católica nin de Historia e Cultura das Relixións recibirá Valores Éticos tal e como establece o Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

9.7. Criterios sobre promoción e titulación do alumnado

9.7.1. Educación Secundaria Obrigatoria

Promoción.

Promocionará dun curso a outro aquel alumnado que superase as materias ou ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permiten seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente estime que dita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que promocióne de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación

Titulación.

Ao finalizar o cuarto curso da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a titulación do alumnado.

A decisión será adoptada de forma colexiada, atendendo á adquisición das competencias establecidas e a ter alcanzado os obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

Aos efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria aquel alumnado que superase todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes: a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquiriu as competencias establecidas. c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzou os obxectivos da etapa.

9.7.2. Bacharelato.

Promoción

Ao finalizar o primeiro curso da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos promocionarán de primeiro a segundo de bacharelato cando superasen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

9.7.2.1. Titulación

1. O título de Bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

2. Para obter o título de Bacharel será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de Bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias salvo unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou os obxectivos e competencias vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou o alumno na materia.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, a efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato

Promoción.

O alumnado promocionará ao curso seguinte aínda que teña unha ou dúas materias con avaliación negativa.

Titulación.

O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria superase todas as materias e alcanzase as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Tamén poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nunha ou dúas materias como máximo no caso de que o equipo docente así o decida atendendo aos criterios aprobados.

9.8. Liñas xerais de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade teñen como finalidade facilitar o desenvolvemento persoal e social de todo o alumnado, a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos para a etapa.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención á diversidade do alumnado do centro.

Neste plan concrépanse as actuacións e medidas de atención á diversidade que se desenvolven no IES Valadares. Ademais das habituais adaptacións curriculares, medidas de reforzo e apoio, se inclúen as indicadas a continuación.

Promocionaranse as metodoloxías activas nas aulas:

- Aprendizaxe cooperativa.
- Materias integradas.
- Proxectos interdisciplinares.
- Docencia Compartida.
- Apoios e reforzos dentro da aula.
- Tarefas multinivel.
- Prácticas Restaurativas

Para acadar o obxectivo do centro: que cada alumno e alumna chegue ao maior desenvolvemento posible das súas capacidades.

Teremos o DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) como referente e guía para as nosas prácticas educativas.

9.8.1 Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento.

Atendendo ao Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma

de Galicia (DOG, 29/06/15) no artigo 20, estes programas (PMAR) constitúen unha medida de atención á diversidade a desenvolver no segundo e terceiro curso da ESO.

Nestes programas utilizarase unha metodoloxía específica nos contidos, actividades e prácticas nas materias para que os alumnos poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria acadando o título de graduado na ESO.

A selección do alumnado que participe nos Programas de Mellora atenderá a dificultades relevantes de aprendizaxe sexa polas características persoais do alumnado ou sociofamiliares. Os criterios para formar parte do programa serán:

- Na comisión formada polo Xefa de estudos, a xefa do departamento de Orientación educativo, o profesor titor do alumno, valorarán os informes emitidos e a opinión dos pais/nais ou tutores legais, realizando a proposta ao director/a
- O Director/a eleva a proposta á inspección, facendo chegar unha solicitude cunha lista dos alumnos propostos e o profesorado que o vai impartir.
- A Inspección Educativa (servizo provincial) comunicará a autorización antes do comezo do curso.

A consellería establecerá a forma de acceso a estes programas, así como a súa avaliación e organización.

A avaliación do alumnado do PMAR terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da ESO, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

9.8.2. Programas de reforzo para os alumnos exentos da segunda lingua estranxeira.

O alumnado de 1º que participe neste programa de reforzo, disporá de dúas horas semanais para traballar nos dous ámbitos: científico–matemático e socio-lingüístico, principalmente.

O alumnado de 2º da ESO que curso estes Programas de reforzo quedará exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira polo que se dispón de dúas horas semanais para o desenvolvemento das actividades de reforzo programadas. O profesorado encargado de impartir estas dúas horas estará coordinado cos xefes dos distintos departamentos para a realización de actividades e tarefas necesarias para revisión dos contidos e a preparación da proba da materia pendente cando teña alumnado nesta situación. Se dividirán en ámbitos (socio-lingüístico e científico-matemático) e o resto das materias a reforzar se repartirán entre o profesorado implicado no programa.

No expediente académico deste alumnado, figurará coa mención de exento/a na

materia de Segunda Lingua Estranxeira.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida.

9.8.3. Programas específicos personalizados. Alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Dirixido ao alumnado repetidor de 1º e 2º curso da ESO.

Este alumnado seguirá un programa específico personalizado orientado á superación das dificultades comunicadas no Informe de avaliación final que contemplará as actividades de aprendizaxe a realizar semanalmente segundo o programa elaborado polo departamento da materia correspondente.

O alumnado participante nestes programas pode incorporarse a un programa de reforzo de áreas instrumentais ou de recuperación doutras áreas se hai dispoñibilidade de profesorado. Por outra parte, o alumnado que asista a un programa de reforzo nunha materia determinada quedará eximido da realización do programa específico personalizado na dita materia.

9.8.4. Contratos-Programa: CPIInnova, CPIInclúe, Recupéra-T: ARCO e PROA+

No presente curso, se establecen dentro dos Contratos-programa subscritos polo IES Valadares coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria varias liñas de traballo. Dentro do **Plan de Mellora da Convivencia, mellora das competencias matemática e lingüística, Igualat, ConviveT, Excelencia, Quedat, InlueT, Calidade de Centros,**

O Programa de reforzo, orientación e apoio (PROA+ e ARCO), se oferta na súa modalidade de acompañamento escolar dentro do horario lectivo, dirixido ao alumnado que está a cursar 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria e que presente dificultades e problemas de aprendizaxe, así como aquel con desvantaxe educativa polo contorno sociocultural no que se desenvolve.

Con algunhas destas actuacións preténdese mellorar as perspectivas escolares do alumnado ao que se lle presentan mais barreiras para a aprendizaxe así como promover a excelencia entre o alumnado que o precise. Outras actuacións van na liña de mellorar a convivencia e o clima no centro en xeral.

9.8.5. Seccións bilingües en lingua inglesa

Unha sección bilingüe é a organización do ensino dunha materia non lingüística

que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos ou alumnas dun xeito bilingüe: na lingua cooficial que corresponda, segundo a normativa vixente, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea.

A incorporación da lingua estranxeira na sección bilingüe acadará un mínimo dun 50 por cento.

Poderá acceder ás seccións bilingües o alumnado matriculado en calquera dos cursos das etapas para os cales o seu centro estea autorizado; no caso do IES Valadares están autorizadas as seguintes:

1º ESO Educación Plástica Visual e Audiovisual.

2º ESO Tecnoloxías

3º ESO Bioloxía e Xeoloxía

Educación Plástica Visual e Audiovisual.

Matemáticas

4º ESO Matemáticas

A lingua estranxeira para a que se obtivo autorización é a lingua inglesa.



Por outra parte, como apoio as actividades das seccións bilingües e, en xeral, das actividades a desenvolver no centro relativas á lingua inglesa, o IES Valadares conta coa participación dun auxiliar de conversa en lingua inglesa nomeado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dentro do programa

Fullbright.

Asemade, o IES Valadares conta cunha auxiliar de conversa en lingua portuguesa como apoio as actividades desenvolvidas dentro da materia Segunda Lingua Estranxeira: Lingua Portuguesa.

10. Acción titorial

A acción educativa é algo mais que impartir coñecementos, supón personalizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe, dando resposta ás necesidades individuais do alumnado. Deste xeito, a titoría debe ir máis alá do puramente académico incorporando todo aquilo que poida axudar ao desenvolvemento de proxectos de vida máis autónomos e responsables.

Por outra banda, en consonancia cos principios dun currículo aberto e flexible, se entende que os elementos curriculares contidos no desenvolvemento da función titorial tamén deben ter un carácter aberto e flexible, a través de diversas actividades axustadas ás condicións particulares dos alumnos e alumnas e dentro dunha programación titorial marco, susceptible de ser adaptada a cada nivel e grupo.

A acción titorial integrarase no labor docente, sendo o Profesor/a Titor/a, como coordinador/a do equipo docente, o/a encargado/a das relacións coas familias o responsable directo do desenvolvemento da formación do alumnado dentro do ámbito escolar.

10.1. O/A profesor/a titor/a

O Regulamento Orgánico dos institutos de educación secundaria establece que por cada grupo de alumnado haberá un titor/a, sendo designado este polo director/a, a proposta do xefe/a de estudos, oído o xefe/a do departamento de orientación, entre os profesores que impartan docencia a todo o grupo.

Entre as funcións do profesor/a titor/a destacan:

- a) Participar no desenvolvemento do plano de acción titorial e nas actividades de orientación.
- b) Proporcionar ao principio de curso, ao alumnado e aos pais e nais, información referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas e criterios de avaliación do grupo. Ademais, informar ao alumnado do grupo, aos pais e nais de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes

e o rendemento académico

- c) Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna e os aspectos da súa situación familiar e escolar que repercutan no seu rendemento académico.
- d) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais; así como, coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- e) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- f) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo; así como, das súas posibilidades académicas e profesionais. Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos, e organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- j) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnado.
- h) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados os pais e nais ou tutores e o xefe ou xefa de estudos.

10.2. O Plan de Acción Titorial

O Plan de Acción Titorial constitúe o marco xeral da acción titorial no Instituto, e como tal mellorable e de obrigada adaptación progresiva no transcurso dos cursos á realidade e necesidades educativas do centro.

O Plan de Acción Titorial tentará definir as liñas xerais de acción titorial respecto de alumnos, familias, equipos docentes e o Instituto no seu conxunto.

O Plan de Acción Titorial debe establecer os criterios e procedementos para a organización, funcionamento e avaliación da acción titorial. Para a súa redacción debe terse en conta:

- a) a súa adaptación ás características de cada grupo e nivel;
- b) a súa revisión na sucesión dos cursos.

10.3. Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción

titorial

Respecto dos alumnos:

- Facilitar a integración dos alumnos no grupo e no Centro mediante a participación activa nas actividades organizadas no mesmo.
 - Coñecer as circunstancias persoais que poidan estar condicionando o progreso nas aprendizaxes escolares.
 - Facer un seguimento global das necesidades educativas especiais, para promover respostas adecuadas ás dificultades detectadas.
 - Apoiar o proceso de adquisición da propia identidade e de toma de decisións responsables no ámbito persoal e profesional.
- Fomentar a tolerancia, a liberdade e a responsabilidade nas súas relacións co entorno social. Respecto das familias:
- Establecer unha relación fluída e continuada coas familias, individual e colectivamente, para acadar a maior cooperación educativa posible.
 - Facilitar a participación das familias nos aspectos do Proxecto Educativo que impliquen a súa colaboración.
 - Informar e orientar aos pais en todos os aspectos educativos da súa incumbencia.

Respecto dos profesores:

- Favorecer o traballo coordinado do equipo docente no desenvolvemento e avaliación do proceso de ensinanza e aprendizaxe para facer máis eficaz e coherente a tarefa educativa.
- Promover liñas de acción educativa conxunta entre os profesores no grupo, e entre os titores en cadanseu nivel e do Instituto no seu conxunto.
- Desenvolver os obxectivos e valores pedagóxicos primordiais na formación integral do alumno establecidos no Proxecto Educativo.

10.4. Compromisos educativos do centro coas familias

Dentro das medidas a adoptar para atender aos problemas de rendemento académico e/ou de convivencia do alumnado deben atoparse os compromisos educativos entre as familias, o alumnado e o propio Centro.

Deste xeito, a familia do alumnado que presente problemas de rendemento académico e/ou convivencia poderá subscribir co Centro un compromiso educativo si o profesorado-titor, o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos o estiman oportuno e o/a alumno/a (e a súa familia) non teña subscrito con anterioridade outro compromiso no mesmo curso académico.

Por outra parte o Instituto subscribe os seguintes compromisos coas familias:

- Sesión informativa coas familias do alumnado de 1º de ESO.

Ao comezo do curso, a Dirección do centro convocará a todas as familias do alumnado de nova incorporación de 1º de ESO a unha sesión informativa na que se presentará o Equipo Directivo, a organización por niveis da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, a problemática da adolescencia, as dificultades que pode chegar a provocar no relativo á convivencia, das normas de convivencia e as medidas de corrección a aplicar, a importancia do estudo diario e organizado, as medidas de atención á diversidade, o funcionamento das titorías, o uso da axenda escolar como canle de comunicación básico, o uso das TICs no seguimento do rendementos académico do alumnado, as relacións coa ANPA do centro e calquera outra asunto que se considere de interese.

- Reunión de presentación ás familias do profesorado-titor.

Nas mesmas datas, se celebrarán as reunións de presentación do profesorado-titor coas familias dos seus respectivos titorandos para informar por aspectos máis salientables do nivel que se está a cursar, criterios de promoción ou titulación, seguimento do rendemento académico do alumnado, compromisos de convivencia e seguimento por medio da axenda escolar, etc.

O uso da axenda escolar se dispón como medio de comunicación do profesorado coa familia (e viceversa) e, por outra parte, como medio de comunicación do centro coa familia no relativo ao cumprimento das normas de convivencia do/a alumno/a.

- Atención presencial ás familias polo profesorado.

O centro disporá nos horarios presenciais do profesorado (titor ou non) dunha hora semanal de atención ás familias. Nesta hora de atención se informará de forma individualizada dos aspectos relativos ao rendemento académico e/ou medidas de atención á diversidade aplicadas; así como, as familias informarán ao profesorado das circunstancias que poidan ser de interese no relativo ao rendemento académico do alumnado.

Recolleranse os aspectos máis destacados das entrevistas, os asuntos abordados, os compromisos adquiridos e calquera outra circunstancia de interese.

- Titoría electrónica.

O Espazo Abalar¹, descargado nos teléfonos intelixentes, permite ás familias establecer unha canle de comunicación co profesorado-titor. Deste xeito se poderán coñecer as faltas de asistencia dos seus fillos e

as medidas de corrección aplicadas. Por outra parte, o centro comunicará na primeira hora as faltas de asistencia, ou correccións especialmente entre o alumnado de 1º e 2º de ESO de xeito inmediato.

- Entrevistas das familias coa persoa responsable da Orientación.

O Departamento de Orientación manterá entrevistas coas familias do alumnado para o seguimento do seu rendemento académico e/ou do seu respecto ás normas de convivencia, segundo as indicacións da Xefatura de Estudos e da Dirección.

No caso de alumnado con rendemento académico baixo e, simultaneamente, realización de condutas contrarias ás normas de convivencia, o Departamento de Orientación titorizará ao alumno no relativo á aplicación e control das medidas que considere oportunas tendentes a resolver a situación.

- Entrevistas das familias coa Xefatura de Estudos.

A Xefatura de Estudos convocará ás familias, individual ou colectivamente, cando se presenten problemas de disciplina, co fin de informar desta circunstancia e procurar unha solución eficaz e conseguir un compromiso de que as medidas correctoras terán aplicación no ámbito familiar.

- Entrevistas das familias coa Dirección.

De seren preciso, a Dirección convocará ás familias cando a natureza e/ou intensidade do conflito así o aconselle.

- Actuación da Comisión de Convivencia

O Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia, realizará un seguimento dos compromisos educativos (e de convivencia) subscritos polo alumnado e as súas familias para garantir a súa efectividade e propor a adopción de medidas e iniciativas no caso de incumprimento.

Escola de NAis/pais.

A Anpa está preparando a proposta para poder poñer en marcha esta proposta.

11. Avaliación do Proxecto Educativo e temporalización

En esencia, a avaliación do Proxecto Educativo é un proceso continuado, e polo

tanto sensible a modificacións no mesmo proceso da avaliación

Así mesmo, estudarase e farase unha valoración das propostas e suxestións que a Xunta de Delegados e mais a directiva da ANPA fagan a tal fin.

Ao remate do curso, elaborárase unha memoria final, na que se contemple un balance global da aplicación práctica do PEC, e onde se recollan posibles propostas de modificación, que serían de aplicación no vindeiro curso académico, unha vez aprobadas polo Claustro de Profesores e o Consello Escolar.

Este documento será modificado ou actualizado sempre que o acorde a maioría absoluta dos membros do Consello Escolar.